



VISITAS TURÍSTICAS A BODEGAS E OUTRAS INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS, LUGARES CULTURAI, HISTÓRICOS E NATURAI

GALICIA DESTINO SEGURO

#SENTIDIÑO *Protexámonos a nós mesmos e aos que nos rodean*

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles á covid-19 e adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio. En caso de dúbida, consulte co seu médico ou co persoal sanitario do servizo de prevención.



FEBRE OU CONTACTO CON PERSOAS INFECTADAS


Non ir traballar con febre (>37° C) ou síntomas da covid-19, tampouco se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



DESPRAZAMENTO AO TRABALLO

Faranse preferiblemente de forma individual. Escoller as opcións de mobilidade que garantan a máxima distancia posible. En caso de compartir vehículo, hai que ter en conta a obriga de usar máscara.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



1,5m

NO SERVIZO

Evitar o saúdo con contacto físico e establecer un número máximo de persoas ás que ofrecerlle o servizo de maneira segura. O persoal e os visitantes deberán utilizar máscara cando non se pode respectar a distancia de seguridade de 1,5 metros. Nos servizos con proximidade pódense utilizar outras medidas de barreira.



NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

Establecer normas de uso para os distintos espazos compartidos para evitar aglomeracións.



EXPERIENCIAS, ACTIVIDADES E TALLERES

Planificar as actividades/talleres controlando as capacidades e respectando as distancias de seguridade. Asegurar a distancia de seguridade interpersonal de polo menos 1,5 metros entre mesas ou agrupacións de mesas. Desinfectar todos os elementos utilizados.



ORGANIZAR ESPAZOS

Redistribuír os espazos e establecer o percorrido nunha única dirección, evitando as zonas de traballo activas. As paradas explicativas faranse en espazos amplos. Nas visitas autoguiadas, os recursos interpretativos deseñaranse de maneira que se poida gardar a distancia de seguridade entre visitantes.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans con auga e xabón ou o uso de solucións desinfectantes. Lavalas antes de poñer a máscara e logo de quitala.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se use máscara ou luvas.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo nun contedor con tapa, pedal e bolsa desbotable.



EVITAR COMPARTIR

Evitar o uso compartido de elementos ou equipos por diferentes persoas, ben sexa persoal traballador ou visitantes. No caso de que non se poida evitar, desinfectaranse tras o seu uso.



LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Limpar e desinfectar o local e as superficies que se tocan con máis frecuencia. Limpar os equipamentos despois de cada uso ou actividade. Lavar a roupa de traballo a > 60 °C; se non é posible, utilizar aditivos no lavado para desinfectar.



PRODUTOS

Contar con solucións desinfectantes en sitios accesibles para uso dos visitantes, no acceso e nas zonas das actividades. Instar os visitantes a desinfectar as mans antes de entrar. Dispoñer de produtos para a hixiene de mans do persoal e para a limpeza e desinfección das instalacións. Garantir a subministración e reposición destes produtos.



PRESTACIÓN DO SERVIZO

Eliminar folletos informativos, tarxetas, mapas etc. de libre acceso, optando polo uso de tecnoloxía ou outros sistemas. Empregar auriculares/radioguías debidamente desinfectados ou dun só uso. Considerar alternativas como apps no móbil do visitante.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SOSPEITA DA COVID-19

Ter previsto como actuar no caso dunha persoa con sospeita. Contactar sempre co centro de saúde ou chamar ao 900 400 116 (para residentes das comunidades autónoma) ou ao 881 002 021 (para persoas doutras comunidades).



INFORMAR AO CLIENTE

Informar os visitantes das medidas preventivas e hixiénicas que deben respectar, incluídas as específicas durante o percorrido e nas actividades que se van realizar. Incidir na importancia de cumprir horarios e evitar improvisacións.



SINALIZAR

Sinalizar o chan do local, das terrazas, da barra e onde se precise manter a distancia de seguridade.



MEDIOS ELECTRÓNICOS

Fomentar o uso de medios telemáticos para xestionar as reservas, a recepción de albarás e a emisión de facturas. Utilizar o pagamento con tarxeta ou móbil sempre que sexa posible.

